

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 15 DE NOVEMBRO DE 2023

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen
Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Reboreda Morillo, Susana
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía
González Jorge, David
Rama Mosquera, Alejandro

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Excusan asistencia

PDI

Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María

A reunión realizárase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 15 de novembro ás 12,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Acta da xuntanza ordinaria do 20 de outubro de 2023.
2. Aprobación, se procede, dos seguintes procedementos validados na xuntanza da Comisión de Calidade celebrada o 10 de novembro de 2023.
 - a. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:
 - i. R1 MC05 P1. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2022/2023).
 - ii. R3-DO0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2022/2023).
 - iii. R1 e R2-DO202 P1. Promoción das titulacións (Plan de promoción correspondente ao curso 2023-2024 e Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2022-2023).
3. Aprobación, se procede, da Declaración de interese para Modificación do título de Grao en Xeografía e Historia para adaptarse ao RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade (cambio de adscrición do título do ámbito de Artes e Humanidades ao novo ámbito de Historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades por ministerio da lei).
4. Ratificación, se procede, da proposta do Tribunal para a concesión do Premio extraordinario de grao 2022/2023

A xuntanza realizárase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento: Os membros da Xunta de Facultade disporán dun máximo de dúas horas (entre as 12:00 e as 14:00 horas do día 26 de outubro de 2022) para pronunciarse sobre os catro puntos da orde do día.

a) Se o voto é favorable ás propostas contidas na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das propostas contidas na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.



Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 15 membros da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

Remata a sesión ás 14,00 h do día 15 de novembro de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro